

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****B) NOMEAMENTOS****AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 20 de outubro de 2020 pola que se fai pública a composición da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) consonte o disposto nos seus estatutos.*

O artigo 23 dos estatutos do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), aprobados polo Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, establece que a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) estará constituída pola súa presidenta, o director do consorcio, que asistirá as xuntanzas con voz en sen voto, e oito vogais elixidos polo Consello Reitor, nomeados pola presidenta deste, seis dos cales serán nomeados de entre destacados membros da comunidade académica e científica nacional ou internacional, un será nomeado de entre membros destacados do ámbito profesional ou empresarial galego, con recoñecida experiencia e traxectoria en avaliación universitaria, e outro será nomeado de entre o estudiantado das universidades do SUG integrantes do consorcio.

De conformidade coa letra a) do punto segundo do dito artigo, na xuntanza do Consello Reitor de ACSUG do 21 de xullo de 2020, prorrogouse o mandato do presidente por catro anos.

Ademais, o terceiro punto do citado artigo establece que os vogais da CGIACA serán nomeados por un período de catro anos, procedendo cada dous anos á renovación da metade dos vogais académicos.

Unha vez transcorrido o mandato de catro anos para tres dos vogais académicos da CGIACA, na citada xuntanza do Consello Reitor da ACSUG elixíronse tres novas vogais académicas, así como unha vogal estudante. Todas elas foron nomeadas pola presidenta de ACSUG.

Segundo o establecido no punto 2 do artigo 23 dos estatutos da ACSUG a composición da CGIACA deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto, faise pública a composición da citada comisión:

Presidente: Miguel Ángel Santos Rego: catedrático de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.



**Vogais:**

– María Álvarez de la Granja, profesora titular de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela. Vogal académica.

– María José Bravo Bosch, profesora titular de Dereito Romano da Universidade de Vigo. Vogal académica.

– María Ángeles Cid Blanco, catedrática de Microbioloxía da Universidade da Coruña. Vogal académica.

– Consuelo Ferreiro Regueiro, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela. Vogal académica.

– Margarita Rosa Pino Juste, catedrática de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Vigo. Vogal académica.

– Juan Touriño Domínguez, catedrático de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores da Universidade da Coruña. Vogal académico.

– Ana María Martín Romero, estudante de doutoramento na Universidade de Vigo. Vogal en representación dos estudantes do SUG.

– Francisco Domínguez Martínez, asesor da presidencia do Grupo Televés. Vogal en representación do ámbito profesional e empresarial galego.

– José Eduardo López Pereira, director da ACSUG. Vogal con voz e sen voto.

Secretario: Francisco Rico Rey, técnico da ACSUG. Secretario da CGIACA con voz e sen voto.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2020

María Patrocinio Morrondo Pelayo  
Presidenta do Consorcio Axencia para a Calidade  
do Sistema Universitario de Galicia

